



## VII ANDAINA DAS LETRAS GALEGAS

Santo Isidro 2026

Concello de Rois

### REGULAMENTO

**1. ENTIDADE ORGANIZADORA:**

Concello de Rois  
Concellería de Deportes


**2. DATA:** Domingo 17 de maio de 2026

**3. HORARIOS E RECOLLIDA DE DORSAIS:**

Andaina: Proba non competitiva  
Recollida de dorsais: 08.30h – 09.30h  
Saída: 10.00h  
Peche chegada: 13.00h

**4. DISTANCIAS, PERFIL E DESNIVEL**

Andaina: 11Km 422D+



Lugares de paso: Polideportivo de Urdilde, Vilariño, Verduga, Sabacedo, Igrexa de S. Martiño de Ermedelo, Agrafoxo, Polideportivo de Urdilde

**5. SAÍDA E CHEGADA:**

Polideportivo de Urdilde  
Servizo de duchas e vestiarios

**6. INSCRICIÓN:**

As inscricións realizaranse a través da plataforma [www.emesports.es](http://www.emesports.es) habilitada para o evento.  
Apertura inscricións: mércores 1 às 10.00h de abril de 2026  
Peche de inscricións: mércores 13 de maio de 2026 às 24.00h



Prezo inscrición:

Andaina: 5€ (sen límite de idade) Os/as participantes menores de idade deberán de ir acompañados por unha persoa maior de idade. **A inscrición para as persoas menores de idade será de balde e irán acompañados/as dunha persoa adulta.**

Maximo 400 participantes.

A realización da inscrición implica que as persoas participantes leron, entenderon e aceptaron as condicións do presente regulamento e participan baixo a súa responsabilidade, e afirman posuir unhas condicións físicas suficientes para a realización desta proba.

A cantidade da inscrición non se devolverá, sempre e cando a proba se teña que suspender por causas axenas á organización (condicións climatolóxicas extremas e dende as distintas administracións cancelen a proba por estes motivos), ou no caso de alertas de Meteo Galicia ou AEMET.

## 7. SORTEO: un par de zapatillas de sendeirismo

As persoas participantes na andaina poderán entrar no sorteo dun par de zapatillas de sendeirismo. Para iso, terán que facerse unha fotografía diante dalgunha das marcas quilométricas, en cada unha das cales se homenaxeará un/ha autor/a recoñecido no Día das Letras Galegas, e subir esa imaxe de xeito público a Facebook ou a Instagram co cancelo #Roiscoasletras, tendo ata o mércores 20 de maio como data límite. O sorteo realizarase o xoves 21 de maio e o nome da persoa gañadora publicárase nas redes sociais do Concello de Rois.

## 8. AVITUALLAMENTOS:

1º) Km: 6

2º) Chegada: Polideportivo de Urdilde

## 9. SINALIZACIÓN E CONTROL DAS PROBAS

O percorrido estará sinalizado pola organización con cinta de cor viva (ao remate da proba está cinta sacárase), spray-auga ecolóxico, carteis indicadores ou outros elementos de sinalización. Será responsabilidade dos/as participantes localizar a sinalización e seguila.

O percorrido en casi a súa totalidade transcorre por pistas forestais, sendeiros e pistas municipais.

Realizaranse cortes selectivos nalgunhas destas pistas forestais e municipais, aínda así en todo momento as persoas participantes deberán respectar as normas de circulación viaria así como as indicacións da organización.

Será obrigatorio seguir o itinerario marcado e pasar polos controis (avituallamento) regulamentario establecido. A Organización poderá realizar modificacións no percorrido si o considera necesario, e incluso a suspensión da proba, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan, ou no caso de alertas de Meteo Galicia ou AEMET.

O percorrido da proba discorre por paraxes naturais de gran beleza, polo que será obrigatorio o coidado destas paraxes, e non se poderán tirar desperdicios fora das áreas de avituallamento e control. Será motivo de expulsión o



incumprimento desta norma.

#### 10. SEGUROS DA PROBA:

Todas as persoas participantes estarán cubertas por un seguro de accidentes e responsabilidade civil.

11. USO DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE Todos/as os/as participantes no momento de realizar a súa inscrición aceptan a publicación do seu nome nas distintas listaxes, medios de comunicación e/ou internet. O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc.). Todos os dereitos de imaxe pertencen ao Concello de Rois.